



PRIMEIRO NÚMERO

Galizaelectrónica.com salta ao papel

A web de referencia da música electrónica galega edita unha revista impresa para chegar a novos lectores.

Redacción - 12:15 10/11/2009

Tags: [Galizaelectrónica.com](#) [música electrónica](#) [revista](#)

Hai máis de un ano que [Galizaelectrónica.com](#) está na rede para informar da actualidade da música electrónica en e desde Galiza. Agora ao proxecto nácelle unha nova pata en forma de revista impresa, non pensada tanto como versión en papel da publicación dixital senón como xeito de achegar máis visitas ao seu sitio na rede e seguir a fomentar a música electrónica no país.

Vén de saír o primeiro número, cun milleiro de exemplares que se distribuirán en universidades, festas e locais de toda Galiza e de localidades do norte de Portugal, como Monçao, Valença do Minho e Melgaço. A revista leva á portada a [Cora Nova](#), unha artista electrónica e dj nacida en Ourense hai 24 anos e que na actualidade reside e traballa en Berlín. Alí vén de publicar o seu primeiro traballo, *Unattainable Love*.

A publicación inclúe tamén as entrevista ao dúo de djs e produtores vigueses [Subsótano](#), e a Steff Ungerer, director do colectivo londiniense [New Opera Hero](#), que fusiona audiovisual e música electrónica. As 16 páxinas do número complétanse cunha reportaxe sobre o Sónar, noticias breves e revisións discográficas.

Ligazóns

- [O núm. 1 de Galizaelectrónica.com en .pdf](#)

0/5 (0 votos)

Imprimir

Compartir

"En Galiza hai moitísimos seguidores da música electrónica"

Sen comentarios



Cultura



[Milladoiro, 30 anos de xira](#)

Máis Alá



["O grupo Sargadelos estase vindo abaixo dunha maneira orientada"](#)

Máis Alá



[A poesía ao encontro do público](#)

Máis Alá

o teu Vieiros.

Se xa tes o teu nome en Vieiros, podes acceder dende aquí:

Usuaría/o:

Contraseña:

enviar

Primeira:

Opinión, Columnas,
Galerías, Últimas,
Escáneres, Anteriores,
FAQ, Buscador

Canais:

Máis Alá, Fwwwrando,
Galego.org, GZ-Deportiva,
Canal Verde, Lusofonía,
Irimia, Cartafol, Murguía

Locais:

GZ-Sete, Terra Eo-Navia

Comunidade:

Chat, Foros, Chatrevistas,
Postais, Conversas, Open
Vieiros

GZ-Ext:

Barcelona, Bos Aires,
Euskadi, Venezuela,
Irlanda

Especiais:

Día das Letras, Creación,
Informativos, Dossiers,
XGN07, 1 de abril

 [RSS](#) | [Que é Vieiros?](#) | [Que é o RSS?](#) | [Creative Commons](#) | [Publicidade](#) | [Director](#) | [O equipo](#) | [Contacto](#)